

O Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** a respecto da **PRAGA GUATEMALTECA DA PATACA E A SÚA INCIDENCIA NAS COMARCAS DO PAÍS**, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Diario Oficial de Galicia publicaba o 3 de novembro de 2015 unha resolución da Consellería de Medio Rural pola que se declaraba a presenza en Galiza da praga denominada Tecia solanivora Povolny ou polilla guatemalteca da pataca.

A praga denominada «polilla guatemalteca da pataca», provocada polo organismo nocivo denominado Tecia solanivora Povolny ou Scrobipalpopsis solanivora Povolny, é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales foise introducindo: Venezuela (1983), Colombia (1985) e Ecuador (1996). En Europa foi observada e identificada nas illas Canarias (1999-2006).

Os danos son causados pola larva, tanto no campo como no almacén, a cal penetra no tubérculo para alimentarse facendo galerías. O tubérculo de pataca é o único hospederero desta praga.

A praga da pataca causada pola polilla guatemalteca (Tecia solanivora), que se estende por Galicia e Asturias, constitúe un risco que compre atallar de raíz. En Galiza, en novembro do 2015 Medio Rural recoñecía oficialmente a praga na zona de Ferrol, Narón e Neda, e meses despois decretaba tamén unha corentena en Viveiro, Xove, Cervo, Foz e O Valadouro, na Mariña lucense. Agora, 2 anos despois, Medio Rural, ven de publicar a lista de concellos afectados, estendendo a corentena a 31, todos no norte da provincia de A Coruña e Lugo. Trátase de Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugarzos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón y As Pontes, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto y A Pontenova.

Mentres isto acontece, a lentitude da maquinaria institucional levou a que o goberno do estado, dous anos despois, estea a preparar un decreto que, como primeira medida, prevé prohibir plantar patacas durante dous anos. A información que está chegando aos produtores é escasa e confusa e nos concellos afectados hai moitas dúbidas e incertezas. Por iso é preciso coñecer de primeira man como está a situación, cales son as medidas que se van implementar para evitar ou paliar a chegada desta praga.

Estamos diante dun problema de enorme envergadura porque pode afectar á comarca da Limia produtora por excelencia do noso País.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta a que adoite un plan específico para o control efectivo da praga, que conte coa dotación dos medios materiais e económicos que sexa preciso para a súa erradicación.

Asdo. Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 22 de febreiro de 2017

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA